

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 20 de decembro de 2010

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey

D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 14.15 horas do día vinte de decembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2102).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia por todos os membros presentes.

2(2103).- SUBVENCIÓN PARA AXUDA DOS GASTOS DE POSTA EN MARCHA E FUNCIONAMENTO DUN COMEDOR SOCIAL PARA MENOS ETÍOPES. EXPTE. 7080/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Protocolo e RR.PP., do 22.10.10, co conforme da concelleira delegada de Facenda, co informe do Titular

da Asesoría Xurídica do 13.12.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 16.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1. “Conceder a Asociación Tena para Etiopía , CIF G-36988053 unha subvención pola contía de 15.000 euros para axuda dos gastos da posta en marcha e funcionamento dun comedor social para erradicar a desnutrición de 80 nenos etíopes.
2. Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
3. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
4. A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.
Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
5. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

6. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
7. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
8. Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
9. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.
Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.
10. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.
11. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

3(2104).- SUBVENCIÓN AO CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA COADXUVAR AOS GASTOS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS NO ANO 2010 POR IMPORTE DE 27.000 €. EXPTE. 6550/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Protocolo e RR.PP., do 4.03.10, co conforme da concelleira delegada de Facenda, co informe do letrado asesor do 22.11.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 15.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Aproba-lo texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, que se achega”.

2º.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 2ª a favor do C.C Mercantil e Industrial por unha contía de 27.000 euros con cargo á partida 111.0.489.00.05 “Subvencións de carácter cultural”: o pago da subvención ó Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo farase do xeito seguinte: a primeira, de 13.500 euros, realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente ós primeiros seis meses do ano en curso, presentada antes do día 15 de decembro de 2010. A segunda, dos 13.500 euros restantes, contra a presentación da memoria de avaliación da totalidade da programación anual expresada na cláusula primeira deste convenio de colaboración, a presentar antes do día 15 de xaneiro de 2011.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO PARA O SOSTEMENTO NA LABOR DESENVOLVIDA POLO CÍRCULO MERCANTIL A TÓDOLOS CIDADÁNS A TRAVÉS DE ACTOS PÚBLICOS E INSTITUCIONAIS E DE SOSTEMENTO DA CORAL CASABLANCA

Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte, don ABEL RAMON CABALLERO ALVAREZ, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, *en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007*..

Doutra, don MIGUEL A. GONZALEZ-BESADA PIÑEIRO, como presidente da asociación CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO, CIF nº 36614097 e enderezo social en Rúa Príncipe 44 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario .

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, Institución fundada no ano 1891 e que realiza unha labor que chega directamente a 22.000 asociados, ven desenvolvendo ó longo dos anos un intenso esforzo no edio

cultural, deportivo e lúdico que se estende a tódolos cidadáns de Vigo a través de actos públicos, institucionais e abertos, que contribúe, ademais, á proxección da imaxe exterior da cidade.

Por este e outros motivos, concedéuselle a Medalla de Ouro da Cidade, a Placa Nacional ó Mérito Deportivo, así como outras distincións de recoñecido prestixio.

II.- Que o Concello de Vigo por esta especial incidencia pública na cidade e a continuidade das actividades descritas, considera á sinatura dun convenio de colaboración..

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social e cultural.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento

V.- Que a entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO , o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade **CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO** comprométese a colaborar coa ALCALDÍA do Concello de Vigo, concretamente, a:

1º.- Cumprir o programa de actividades detalladas neste convenio.

2º.- Edición de catro números da revista “El Mercantil”, nos que reservárase unha páxina completa en cada número para inserción da información institucional que a Alcaldía considere oportuna. A revista cubrirá o desenvolvemento da programación realizada polo Concello de Vigo, particularmente a de carácter cultural e deportivo.

3º.- Programación de tres concertos institucionais especiais da Coral Casablanca con orquestra: o Memorial Lírico Camilo Veiga, o de Nadal, e o terceiro a convir a data entre o Concello e o Círculo Mercantil.

4º.- O Círculo Mercantil facilitará o acceso público aos fondos da biblioteca para a realización de traballos de investigación e estudo, ata a data de remate deste convenio.

5º.- O Círculo Mercantil atenderá as solicitudes para realizar as exposicións que lle remita o Departamento de Cultura do Concello, có obxecto de estudar a posibilidade de encadralas dentro da súa dinámica cultural, para o que facilitará unha sala de exposicións.

6º.- O Círculo Mercantil facilitará ao Concello entradas para os concertos programados cando non se realicen en dependencias municipais. No Concerto de Nadal establécese unha reserva de 100 localidades a favor do Concello.

7º.- O Círculo Mercantil aboará os gastos derivados do desenvolvemento dos concertos.

8º.- Na publicidade que se realice para a difusión dos actos deste programa, o Círculo Mercantil dará o mesmo tratamento en espazo aos anagramas do Concello que aos seus propios. No caso de participación doutras entidades, o Círculo Mercantil acordará có Concello a fórmula de presenza dos anagramas.

9º.- O Círculo Mercantil presentará a memoria definitiva do programa de actividades obxecto deste convenio antes do día 15 de xaneiro de 2011, onde figurarán, como mínimo, os datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e o balance económico de gastos e ingresos.

10º.- O Círculo Mercantil deberá obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades descritas neste convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Conceder directamente á entidade Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo, unha subvención por importe de 27.000 euros con cargo á partida orzamentaria da Alcaldía 912.0.489.00.04 “Outras subvencións”, do presente orzamento, có obxecto de coadxuvar á financiación de actividades culturais.

2º.- O pagamento destas cantidades realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 2080.0000.75.0040004497 de Caixanova, oficina principal.

3º.- O pagamento expresado na punto anterior farase en dúas partes.

A primeira , de 13.500 euros, realizarase contra a presentación da memoria de avalización da programación correspondente aos 4 primeiros meses do ano en curso, presentada antes do 15 de decembro de 2010.

A segunda, dos 13.500 euros restantes, contra a presentación da memoria de avaliación da totalidade da programación expresada na cláusula primeira deste convenio de colaboración, así como a conta xustificativa da declaración de actividades realizadas e xustificantes do pago dos gastos incorridos, a presentar antes do día 15 de xaneiro de 2011.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción do logo da Alcaldía en programas e carteis.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se

computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Noveno .- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do presente ano.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía. O xefe do servizo de Alcaldía emitirá informe ao respecto, así como á axeitada xustificación da mesma, facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Alcaldía.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Alcaldía do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

4(2105).- CESE DE ACTIVIDADES DE ASESORAMENTO A PERSOAS EMPRENDEDORAS E DESTINO DOS RECURSOS LIBERADOS AO FOMENTO DE NOVAS POLÍTICAS DE EMPREGO. EXPTE. 7614/77

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 2.11.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e co informe da xefa do servizo de Recursos Humanos do 17.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Cesar a partir do 29 de decembro de 2010, da prestación do servizo de Información e Asesoramento ás persoas emprendedoras, no centro de recursos para emprendedores actual en funcionamento no edificio do EMPECE emprazado na rúa Cánovas del Castillo nº 2, 2ª planta.

2. Suprimir o apartado referido ao centro de recursos para emprendedoras do programa “Vigo Emprende”, pertencente ao Plan Municipal de Emprego 2008-2011, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 29/04/2008.

3. Proceder a extinción por causas obxectivas derivadas do cese das actividades propias das accións de información e asesoramento as persoas emprendedoras, dos contratos do persoal técnico que deseguido se relaciona contratadas para o desenvolvemento das accións obxecto de cesación:

- M^a Eugenia Cruz Lorenzo.
- M^a Begoña Echegaray Pérez.
- Rosa M^a Fernández Díaz.
- Aranzazu Victoria Prieto Valdenebro.

4. Destinar os recursos liberados, xunto cos existentes a realización de novas políticas activas de emprego que fomenten a formación e a inserción sociolaboral, e sexan complementarios dos que actualmente presta o Concello de Vigo, cara a consecución de mellora nos obxectivos de inserción laboral e fomento da formación cara a busca de emprego dos colectivos máis desfavorecidos conforme ao establecido nos programas do Plan Municipal de Emprego 2008-2011.

5(2106).- ADDENDA AOS CONVENIOS ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA XESTIÓN DOS CENTROS DE DÍA ATALAIA E RÚA O GROVE. EXPTE. 58733/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de área de Benestar Social, do 14.12.10, co conforme da concelleira delegada de Benestar Social, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 15.12.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 17.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Excepcionar para os anos 2010 e 2011 as previsións da cláusula terceira dos convenios entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para a xestión dos centros de día Atalaia e rúa O Grove, no sentido de que o Concello de Vigo asumirá o custe total dos gastos de xestión dos centros de día O Grove e Atalaia durante o ano 2010 polo seu funcionamento, que se estiman en 274.749,88 euros, con cargo á partida 23102260907, sendo compensado no ano 2011 da cantidade pagada que exceda á da achega inicialmente prevista na estipulación terceira do convenio para o ano 2010; a cantidade a deducir no 2011 estimase en 183.166,59.

6(2107).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS PARA A

PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE EMERXENCIAS NO ANO 2011. EXPTE. 58472/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Actividades Económicas, do 30.11.10, co conforme do xefe de área de Benestar Social e da concelleira delegada de Benestar Social, co informe do Titular da Asesoría Xurídica do 14.12.2010, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 17.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o marco de actuación do do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social.

Segundo.- Autorizar o gasto de 400.000 euros con cargo a partida 2310.480.00.00 ou a súa bolsa de vinculación, ; 40.000 euros con cargo a partida 2310.780.00.00 e 20.000 euros con cargo á partida 3133.480.00.00, para facer fronte as axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia no exercicio 2011, correspondentes os centros de gasto 2310 –Benestar Social- e 3133 –CEDRO- dependentes da Concellería de Benestar Social, facultando á Concelleira-Delegada de Benestar Social para a aprobación e concesión, no seu caso, das concretas axudas económicas a favor dos usuarios de benestar social.

Terceiro.- O expediente tramitarase como anticipado de gastos, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2011.

Cuarto.- Aprobar a realización de libramentos a xustificar ata os importes máximos indicados no apartado segundo, a nome das funcionarias habilitadas de Benestar Social, D^a M^a Paz Fernández Fernández, DNI 03821230X, e D^a M^a José Quintela Rodríguez, DNI 35.995.956-J, e da do funcionario habilitado do centro CEDRO, D. Francisco Otero Lamas, D.N.I. 36.047.540P para facer efectivos os referidos gastos e que serán aboadas nas contas restrinxidas da Tesourería Municipal.

7(2108).-PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE CANDEAN. EXPTE. 9776-333

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Secretaria da Mesa de Contratación , do 17.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1.UTE MOVEXVIAL / INDEPO
- 2.DRAGADOS
- 3.ORECO
- 4.PARAXE

- 5.ANTALSIS
- 6.FERROVIAL AGROMAN
- 7.BARDERA
- 8.ACCIONA
- 9.UTE XEST.AMB CTTAS / EZENTIS
- 10.FCC CONSTRUCCIÓN
- 11.COPCISA
- 12.SAN JOSE
- 13.COMSA
- 14.UTE HIDROSCIVIL-BALBOA E BUCETA
- 15.JESUS MARTINEZ
- 16.AGRUPCONSA
- 17.CONDE
- 18.ALDASA
- 19.UTE PROYECTA-BELYPA-ANCHELERGUES
- 20.RAMIREZ
- 21.OREGA

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís COVSA, EDISERPO, FEYJU, CANOSA, AY R GOMEZ CRESPO e SIGRAS por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido ós licitadores na oferta técnica (cláusula 16 PCAP en relación co artigo 134.4 LCAP) e as mercantís CONSLAR e GAMALLO por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, UTE MOVEXVIAL / INDEPO, para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, UTE MOVEXVIAL / INDEPO, o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 632,48 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

8(2109).-PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MESTRE MONTES . EXPTE. 443-440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Secretaria da Mesa de Contratación , do 17.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1.CONSTRUCCIONES CRESPO
- 2.MOVEX VIAL
- 3.HIDROSCIVIL
- 4.ORECO
- 5.PARAXE
- 6.EIRIÑA
- 7.CONST, OBRAS E VIAIS
- 8.C.ALDASA
- 9.ORESA
- 10.HNOS. MALVAR
- 11.AGRUPCONSA
- 12.SERCOYSA
- 13.FOMENTO ARIDOS Y OBRAS
- 14.CONSTRUNOR
- 15.A SAMPANA
- 16.TERRAUGA
- 17.OREGA

18.CONST. REY SOLLA

19.CONST. VALE

20.CASA MAESTRA

21.GEO

Segundo.-Excluir do presente procedemento as mercantís PLYGEPE, JSTOP, ROYMER, GCM e ALVAC por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requirit a empresa clasificada en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requirit a empresa clasificada en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 643,30 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

9(2110).-PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA OPORTO. EXPTE. 431-440

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Secretaria da Mesa de Contratación , do 17.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1.MOVEX VIAL

2.CONSLAR

3.XESTION AMB. DE CTTAS.

- 4.CONST, OBRAS E VIAIS
- 5.C. ALDASA
- 6.EIRIÑA
- 7.HIDROSCIVIL
- 8.ORECO
- 9.PACSA
- 10.CONST. CRESPO
- 11.HNOS. MALVAR VAZQUEZ
- 12.SERCOYSA
- 13.FOMENTO ÁRIDOS Y OBRAS
- 14.JESUS MARTINEZ
- 15.ORESA
- 16.CANAL. ESTRUCT. Y OBRAS
- 17.CONSTRUNOR
- 18.AGRUPCONSA
- 19.TERRAUGA
- 20.EDUARDO BOAN ALVAREZ
- 21.OREGA
- 22.COSNT. VALE
- 23.SERVICIOS Y CTTAS GEO
- 24.CASA MAESTRA

Segundo.-Excluir do presente procedemento as mercantís PYGEPE, JSTOP, CANOSA, ESPINA, ROYMER, CONST. TÉCNICA GCM , HORDESCON e ALVAC por mor de que as súas ofertas conteñen valores anormais o desproporcionados (artigo 136.4 LCSP).

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, MOVEX VIAL, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, MOVEX VIAL, S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 643,30 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

10(2111).-PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA AS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINO, ENTRE URZÁIZ E ASTURIAS. EXPTE. 487-440

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da Secretaria da Mesa de Contratación , do 17.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1.EIRIÑA
- 2.MOVEXVIAL
- 3.CONST, OBRAS E VIAIS
- 4.CONSLAR
- 5.XEST. AMB. DE CONTRATAS
- 6.C. ALDASA
- 7.PACSA
- 8.HIDROSCIVIL
- 9.FOMENTO ARIDOS Y OBRAS
- 10.SERCOYSA
- 11.ORECO
- 12.CONST. CRESPO
- 13.CONSTR. PARAXE
- 14.ORESA
- 15.HNOS. MALVAR
- 16.AGRUPCONSA
- 17.FERORSA
- 18.OBRAS Y CONST. DIOS

- 19.TERRAUGA
- 20.CONCAL
- 21.CONSTRUNOR
- 22.CONST. VALE
- 23.CASA MAESTRA
- 24.GEO-SERV. Y CTTAS.

